

Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convo-ca para o ano 2008 a concesión de subven-cións aos titulares de autorizacións admi-nistrativas de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguranza nos seus vehículos.

A prestación de servizos de transporte en automóbiles turismo, esencialmente mediante taxis, constitúe unha parte esencial do sistema galego de transporte, constituíndo en casos incluso o medio máis válido para a garantía do dereito á mobilidade do conxunto da cidadanía. Paralelamente, a concorrencia deste dereito require duns compromisos ou obrigas de servizo público, como o acceso universal ou a cobertura de diferentes franxas horarias, que potencialmente sitúan estes servizos de transporte en situacións conflitivas.

As ditas obrigas veñen provocando dificultades tanto económicas, derivadas da necesaria fixación dunha política tarifaria, como profesionais, sobre todo ligadas á perigosidade derivada da actividade, tanto por supostos de sinistrabilidade como pola concorrencia de accións delitivas, accións estas que se veñen producindo dun xeito illado e descontinuo pero reiterado, afectando mesmo a vida e integridade dos propios profesionais.

Desde a Administración pública galega preténdese atallar os problemas derivados da seguranza dos profesionais deste sector, atendendo a unha preocupación constante da sociedade que debe ser especialmente considerada.

Deste xeito, resultan especialmente efectivas, dunha banda, aquelas medidas que reducen a posibilidade de contacto físico ameazante entre o profesional e o eventual delincuente, sen minorar por iso a dilixencia e operatividade do cumprimento da súa tarefa. Para tal fin, os chamados anteparos de illamento semellan un mecanismo axeitado, cuxa instalación se promove a través desta orde.

Por outro lado, as últimas tecnoloxías constitúen un elemento imprescindible para contribuír a garantir a seguranza dos taxis, e entre estes medios, estímase como o máis efectivo a implantación dun sistema de seguimento dos vehículos e de alerta ante situacións de perigo. Este sistema, implantado mediante un programa específico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, permite a alerta instantánea ás forzas e corpos de seguranza e a localización precisa do vehículo en situación de perigo, constituíndo así un elemento esencial para a operatividade policial, ao tempo que disuasorio destas accións.

Polo tanto, estímase procedente o mantemento nesta anualidade dunha convocatoria de axudas, na

que se pretende simplificar no posible as actua-cións dos interesados.

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. Por esta orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2008, as axudas para a dotación de equipamentos de seguimento e outros sistemas de seguranza (anteparos) para vehículos de transporte que dispoñan de autorización administrativa vixente documentada en tarxeta de transportes da serie VT-N expedida pola Dirección Xeral de Transportes.

2. Os sistemas de seguranza que se van instalar poderán ser de dúas clases:

a) Sistema GPS, instalado nos taxis, mediante o que, nunha situación de emerxencia de inseguranza física do taxista se activa un sinal que se recibe no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

b) Anteparo de protección física do conductor do taxi que permita a separación e imposibilite o contacto físico entre o taxista e os ocupantes da parte traseira do vehículo, permitindo a comunicación verbal entre eles; deberá estar feita dun material polimérico altamente resistente aos golpes.

Para os efectos desta orde, e de xeito inicial, só xerará dereito á axuda respecto de cada beneficiario, un dos sistemas de seguridade previstos no punto anterior, a elección dos solicitantes; porén, de se solicitar a axuda para os dous sistemas, tomarase en consideración inicialmente só aquel que sexa seleccionado en primeiro lugar, podendo a Administración aplicar o remanente resultante á subvención do segundo sistema de seguridade que, se é o caso, se teña solicitado, de resultar disponibilidades orzamentarias de acordo co artigo 5º.6 desta orde.

3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán acceder a esta liña de axudas os titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Transportes ou órganos periféricos desta consellería competentes para o efecto, e domiciliadas en Galicia. Para tal fin, xerará dereito á axuda cada unha das autorizacións das que sexa titular o solicitante.

As ditas autorizacións deberán estar vixentes no momento da presentación da solicitude.

Non poderán ser beneficiarios desta convocatoria de axudas aqueles que o fosen, respecto da mesma autorización de transportes e para o mesmo fin, con base nas ordes desta consellería con datas do 16 de

febreiro e do 2 de setembro de 2004 (DOG nº 37, do 23 de febreiro e nº 175, do 8 de setembro), do 27 de maio de 2005 (DOG nº 115, do 16 de xuño), do 5 de abril de 2006 (DOG nº 81, do 27 de abril) ou do 19 de abril de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio).

Artigo 3º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

Esta convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 2008.08.04.512A.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008, na que existe un crédito para este efecto de 120.000 euros, e limitarase ás disponibilidades orzamentarias. Todo isto sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Os equipamentos que se prevén nesta orde como obxecto da subvención poderán acadar unha axuda económica do 50 por cento do seu prezo (sen IVE), incluíndo neste tanto o do propio equipamento como os correspondentes aos gastos de colocación, man de obra, equipamentos adicionais necesarios, e verificación do seu funcionamento; en todo caso, e para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse como importes máximos da subvención, por equipamento e tarxeta, os seguintes:

-Sistema GPS: cincocentos euros (500 €).

-Anteparo: cincocentos cincuenta euros (550 €).

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de subvención serán formuladas polo titular da autorización administrativa de transportes VT-N, segundo o modelo normalizado que se xunta como anexo I a esta orde, e dirixiranse á directora xeral de Transportes; fíxase como prazo límite para a súa presentación un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Así mesmo, os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta orde, poden atoparse na páxina web institucional da Dirección Xeral de Transportes: <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/pid/667>.

A presentación da solicitude, segundo o referido modelo, determinará a autorización expresa á Dirección Xeral de Transportes para solicitar, de calquera organismo público, cantos documentos sexan precisos para a verificación dos datos indicados polo solicitante, así como para a tramitación informatizada dos seus datos de carácter persoal que fosen precisos para os fins desta orde de axudas.

Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, e no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparen-

cia e de boas prácticas na Administración pública galega, mediante a presentación da solicitude de subvención e a sinatura do anexo I, o solicitante presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para incluír e facer públicos nos referidos rexistros e páxina web os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, poderán exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido á Consellería de Economía e Facenda.

Igualmente, na propia solicitude, incorpórase declaración responsable referente aos aspectos seguintes:

a) Ser titular da autorización do servizo de transporte público da serie VT-N, co número correspondente.

b) Cumprimento dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

c) Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

d) Non ter sido beneficiario das axudas convocadas con base nas ordes desta consellería do 16 de febreiro e do 2 de setembro de 2004 (DOG nº 37, do 23 de febreiro, e nº 175, do 8 de setembro), do 27 de maio de 2005 (DOG nº 115, do 16 de xuño), do 5 de abril de 2006 (DOG nº 81, do 27 de abril de 2006), ou do 19 de abril de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio), respecto da mesma autorización de transportes e para o mesmo fin.

e) Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se lle poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas, ou previstas nesta orde.

f) Compromiso de non beneficiarse nin se ter beneficiado de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que illada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade obxecto desta orde.

2. A presentación das solicitudes efectuarase no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sito en Santiago de Compostela, na praza Europa, 5A-2º andar, Área Central-As Fontiñas, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Xunto coa solicitude unirase a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada por órgano oficial competente):

-Fotocopia compulsada do DNI e do NIF ou CIF, cando corresponda, do solicitante.

-Copia da tarxeta de transportes a nome do solicitante, para a que se solicite a axuda.

-Certificación bancaria do número de conta.

-Marca e modelo do/s sistema/s de seguranza elixido/s polo interesado con factura pro forma do provedor.

-Certificado de homologación do sistema de seguranza.

-Informe de validación do sistema GPS expedido polo Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia; en caso de non dispor del en tal momento, deberá achegarse certificación de telo solicitado e de que estea pendente de realización das oportunas probas previstas na disposición adicional desta orde.

Artigo 5º.-*Resolución e procedemento.*

1. Delégase na directora xeral de Transportes o exercicio das competencias para resolver os procedementos de concesión, aprobación do gasto e demais actuacións para o desenvolvemento das axudas obxecto desta orde.

2. Para tal efecto, a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte exercerá as funcións de instrución do procedemento previstas polo artigo 9 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Examinadas as solicitudes, instarase do solicitante a emenda ou complemento destas, nos termos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, elevando proposta de decláralo por desistido, no caso de non se ter emendado ou achegado o solicitado.

O indicado órgano instrutor poderá solicitar cantos informes técnicos considere convenientes para os seus fins.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, o órgano instrutor emitirá, con carácter previo á súa avaliación, un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior.

3. Unha vez revisados e completados os expedientes, aqueles que reúnan os requisitos para poder admitirse a trámite serán avaliados por unha Comisión de Valoración, composta polos xefes de servizo de Autorizacións, Informes e Xunta Arbitral, de

Estudos e Apoio Xurídico e de Concesións, da Dirección Xeral de Transportes. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade dos anteriores, a directora xeral de Transportes poderá nomear substitutos de entre funcionarios dos grupos A ou B da referida dirección xeral.

4. A comisión prevista no punto anterior valorará as solicitudes consonte os criterios obxectivos sinalados no punto 6, e elaborará un informe que remitirá ao órgano instrutor. Este, á vista do informe, formulará proposta de resolución provisional, que se publicará na páxina web da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (<http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/pid/667>). Os interesados poderán, nun prazo de dez días, presentar as alegacións que consideren oportunas a esa proposta provisional.

Examinadas as alegacións, de ser o caso, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que incluírá o informe da Comisión de Valoración, e elevaraa á directora xeral de Transportes para que dite resolución.

5. O prazo para resolver as solicitudes e notificar a dita resolución ao abeiro desta orde será de seis meses, que se computarán a partir do seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, consonte co previsto polo artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Fíxanse os seguintes criterios de selección para o outorgamento da subvención respecto das solicitudes formuladas:

a) Consideraranse preferentes as solicitudes dos interesados que non teñan instalado nos seus vehículos ningún sistema de seguranza dos previstos nesta orde; dentro dos que, de acordo co anterior, se atopen na mesma situación, establécense os seguintes criterios de selección por orde de preferencia:

1º A menor antigüidade do vehículo no que se vaia instalar o sistema de seguranza; para tal fin, tomarase en consideración o vehículo que estea efectivamente adscrito á autorización de transportes da serie VT-N no momento de conclusión do prazo de presentación das solicitudes.

2º En caso de igual antigüidade do vehículo, a maior antigüidade do solicitante na titularidade da autorización de transporte da serie VT-N.

3º A prioridade temporal na presentación da solicitude; para esta fin, consideraranse como elemento temporal para considerar o do día da súa presentación.

b) En segundo lugar, de resultar crédito orzamentario, tomaranse en consideración conxuntamente as solicitudes formuladas por titulares de autorizacións VT-N que xa dispoñan dalgún sistema de seguranza dos previstos nesta orde instalado nos seus vehículos, e o segundo sistema, non preferente, solicitado, se é o caso, polos interesados; respecto destes supostos, aplicaranse os mesmos criterios de selección previstos nos tres puntos da alínea anterior.

7. Considerando o importe máximo obxecto das subvencións, a Dirección Xeral de Transportes publicará na súa páxina web institucional, por 10 días, a relación definitiva de beneficiarios, con expresión da convocatoria, do programa e do crédito orzamentario ao que se imputen, da cantidade concedida a cada beneficiario e da finalidade da subvención.

Artigo 6º.-*Compatibilidades.*

Esta subvención será compatible coas que poida conceder calquera outra Administración pública ou organismo público ou privado, nacional ou internacional, sen que, en ningún caso, o importe das subvencións ou axudas concedidas, illada ou conxuntamente, poida ser tal que supere o custo da actividade subvencionada que debe desenvolver o beneficiario, segundo o disposto no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Xustificación e pagamento.*

Unha vez notificada a resolución á que se refire o artigo 5 desta orde, os interesados que resulten beneficiarios das subvencións concedidas disporán do prazo que se indique na resolución de adxudicación, que en ningún caso poderá ser inferior a un mes, para instalar o/s equipo/s e presentar ante a Administración o correspondente certificado da empresa instaladora e os documentos xustificativos do seu pagamento. Ademais, no caso do sistema GPS, haberá de achegarse o certificado expedido polo organismo responsable do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia xustificativo da alta do devandito sistema.

A dita documentación deberá ser presentada ante a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, presentándoa no rexistro auxiliar da Dirección Xeral de Transportes sito en Santiago de Compostela, praza Europa, 5A-2º andar, Área Central-As Fontiñas, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de omisión da antedita xustificación no prazo sinalado na alínea anterior, ou de demora na materialización da alta no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia por causa que non sexa

imputable á Administración, entenderase que o beneficiario renuncia á axuda concedida, e procederase, de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Procederase ao pagamento das subvencións, tras a comprobación de que a documentación antedita se axusta ao contido desta orde, mediante transferencia bancaria ao número de conta expresado na certificación bancaria que se xunte, segundo o artigo 4 desta orde.

De existir substitución de vehículo durante este proceso de concesión de subvencións, deberá achegar xustificante do inicio do procedemento de autorización da substitución do anterior vehículo, adscrito á tarxeta de transporte, polo novo no que se instalará o sistema de seguranza; debendo achegar o certificado e demais documentación, especificada no parágrafo primeiro deste artigo, no mesmo prazo de dous meses.

Artigo 8º.-*Condicionantes.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a comunicarlle á Dirección Xeral de Transportes calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da axuda concedida.

2. Os beneficiarios das subvencións non poderán alterar de ningún xeito a finalidade delas, para o cal a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos fundamental da concesión. Polo tanto, os equipamentos obxecto desta liña de subvención deberán estar instalados e operativos, durante toda a súa vida útil, en todo momento e, en todo caso, durante un prazo mínimo de dous anos, no vehículo adscrito á autorización administrativa de transporte VT-N, mesmo no suposto de substitución ulterior do material móbil no que inicialmente se instalasen.

3. Os solicitantes e beneficiarios das subvencións deberán permitir que a devandita dirección xeral realice as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas; tamén facilitarán toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello

de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das axudas.

4. Os beneficiarios das subvencións deberán facer constar en todo tipo de publicidade e información ao respecto, a condición de subvencionada pola Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, empregando para isto a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Para tal fin, e concretamente, establécese a obriga dos beneficiarios de inserir e manter permanentemente, en lugar visible para o usuario, na totalidade dos vehículos dotados cos presentes equipamentos, de información comprensiva da súa dotación co referido sistema de seguridade e a colaboración para o efecto das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

5. O incumprimento de calquera obriga mencionada nesta orde poderá ser causa determinante da revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, das subvencións percibidas e dos xuros de demora correspondentes, todo isto de acordo e nos termos previstos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 9º.-*Réxime xurídico e de recursos.*

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As resolucións expresas ou desestimacións presuntas recaídas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interporse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, consonte co disposto polo artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de ser resolución expresa, ou no de seis contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto polos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

3. Igualmente, os beneficiarios das subvencións reguladas por esta orde quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional

Cando o titular da autorización solicitante da subvención opte pola instalación dun sistema GPS que non estea validado e operativo polo Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, a empresa instaladora del deberá presentar previamente para a súa validación un equipo no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

Os equipamentos deben estar preparados para a súa integración dentro do sistema TAXGAL (Sistema de Emerxencias de Taxis de Galicia, que consta dun número elevado de elementos: sistemas embarcados nos taxis, operador de telefonía, equipos receptores de alarmas, equipo integrador de alarmas e postos de atención e seguimento) no contorno da plataforma de operacións Séneca-Galicia do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, sendo imprescindible para a dita validación a realización dunha batería de probas desde o Centro de Atención de Emerxencias con presenza in situ do persoal da empresa instaladora e do persoal técnico do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

Todos os custos que se deriven da dita integración e das probas necesarias serán por conta da empresa instaladora, sendo responsable o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia unicamente da atención das alarmas que entren directamente nel, e o correcto tratamento destas.

De non se ter obtido e acreditado ante a Dirección Xeral de Transportes, a validación e integración do equipo proposto no sistema do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia no prazo máximo dun mes contado desde o vencemento do prazo de presentación de solicitudes, a Administración non admitirá a solicitude formulada.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que, no ámbito das súas competencias, dite os actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

ANEXO

PROCEDEMENTO AXUDAS AOS TITULARES DE AUTORIZACIÓNS DE TRANSPORTE DA SERIE VT-N PARA A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT311A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

D/D*	DNI
☐ EN NOME PROPIO ☐ EN REPRESENTACIÓN	DA EMPRESA CON DOMICILIO FISCAL EN E CIF
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	TELÉFONO
	FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		

DECLARA:

- 1.- Que cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.
- 2.- Que son auténticos os datos facilitados e a documentación presentada.
- 3.- Que non ten sido beneficiario/a das axudas convocadas con base nas ordes desta consellería de datas do 16 de febreiro e do 2 de setembro de 2004, do 27 de maio de 2005, do 5 de abril de 2006 ou do 19 de abril de 2007, respecto da mesma autorización de transportes e para o mesmo fin.
- 4.- Que se compromete a facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas, ou previstas nesta orde.
- 5.- Que se compromete a non beneficiarse nin se ter beneficiado de máis subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que aislada ou conxuntamente coa outorgada por esta Administración, superen o custo da actividade obxecto desta orde.

EXPÓN:

Que é titular da autorización de servizo de transporte público da serie VT-N número: adscrita ó vehículo matrícula

Elementos de seguridade:

Xa dispoñibles:

☐ Ningún☐ Anteparo☐ GPS

Para os que solicita axuda:

☐ Anteparo☐ GPS☐ Ambos(Elixido preferentemente neste último caso: ☐ Anteparo☐ GPS)

SOLICITA: que lle sexa concedida a axuda establecida ao abeiro desta orde, para os titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguridade.

AUTORIZO:

Á Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a solicitar de calquera outro órgano das distintas administracións e entes públicos, cantos documentos sexan precisos para a verificación dos datos achegados xunto coa solicitude ou como complemento desta, así como para o tratamento informatizado dos meus datos de carácter persoal que sexan precisos para o fin desta orde de axudas.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca para o ano 2008 a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións administrativas de transporte da serie VT-N domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia para a instalación de sistemas de seguranza nos seus vehículos.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI E DO NIF OU CIF, CANDO CORRESPONDA, DO/A SOLICITANTE.
- ☐ COPIA DA TARXETA DE TRANSPORTE VT-N EN VIGOR A NOME DO/A SOLICITANTE, PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA.
- ☐ CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.
- ☐ MARCA E MODELO DO SISTEMA DE SEGURIDADE ELIXIDO POLO INTERESADO CON FACTURA PRO FORMA DO PROVEDOR.
- ☐ CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE.
- ☐ INFORME DE VALIDACIÓN DO SISTEMA GPS EXPEDIDO POLO CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA; EN CASO DE NON DISPOR DEL EN TAL MOMENTO, DEBERÁ ACHEGARSE CERTIFICACIÓN DE TELO SOLICITADO E QUE ESTEA PENDENTE DE REALIZACIÓN DAS OPORTUNAS PROBAS PREVISTAS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL DESTA ORDE.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 2 de xuño de 2008 pola que se resolve a convocatoria de axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadías en empresas de ámbito transnacional, convocada pola Orde do 20 de decembro de 2007.

Mediante a Orde do 20 de decembro de 2007 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convocou axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadías en empresas de ámbito transnacional.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no punto décimo da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.480.0, as axudas para o alumnado e o profesorado de centros concertados que se relacionan no anexo I, correspondentes á convocatoria 2008, por un importe total de 219.520 euros.

Segundo.-Denegar as axudas que se relacionan no mesmo anexo, polos motivos que se indican.

Terceiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.640.1 as bolsas de estudo e reintegros de gasto por desprazamento para realizar as estadías formativas do profesorado funcionario que se relacionan no anexo II, por un importe máximo de 17.395,20 €.

Cuarto.-Conceder con cargo aos conceptos orzamentarios 09.03.422M.230-09.03.422M.231, as indemnizacións por razóns de servizo para a realización das visitas preparatorias do profesorado funcionario que se relacionan no anexo III, por importes máximos de 32.641,49 €.

Quinto.-Estas axudas, bolsas de estudo e indemnizacións por razón de servizo serán aboadas da seguinte forma:

1. Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, aboarase un anticipo de pagamento dun 80% da cantidade concedida, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a actividade e despois da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, xuntando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para os efectos do disposto no artigo 78.4º e) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Nas axudas que superen a dita cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez finalizada e xustificada a actividade.

3. As bolsas de estudo, reintegros de gasto por desprazamento e indemnizacións por razón de servizo serán aboadas unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Sexto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Aceptar a axuda, bolsas de estudo e indemnizacións por razóns de servizo concedidas. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir do da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non a acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilitar a información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poidan efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustificar o correcto investimento das axudas, bolsas de estudo e indemnizacións recibidas,